


A NOSA VOZ



XUÑO 2017


CEIP ANTONIO BLANCO RODRÍGUEZ

ÍNDICE

Ed. Infantil 3 anos: Pequenos Pintores	3-4
Ed. Infantil 4 anos: Poesías	5-6
Ed. Infantil 5 anos: Marcho para primaria	7-8
1º EP: Ditos Populares - (Que tempo fará?)	9-10
2º EP: Contos e Historias	11-12
3º EP: Olimpíadas Escolares	13
4º EP: Investigación sobre o Invernadoiro	14-16
Alumnos/as de EP: Coplas dos Maios 2017	17-22
Deporte Escolar Curso 2016-2017	23-27
5º EP: Noticias do Colexio	28-29
Dinamización - Excursións e Saídas	30-31
Sección de Inglés: Australia	32-33
Despedida de 6º de Primaria	34

PEQUENOS PINTORES

OS MENOS E NENAS DE
3 ANOS GUSTAMOS
MUITO PINTAR CADROS
DE PINTORES
CONECIDOS



• O 1º CADRO QUE
PINTAMOS FOI
"ALGUNS CÍRCULOS"
DE KANDINSKY, PINTOR
RUSSO QUE USABA MUITO
AS FORMAS E AS CORES.



• 02º CADRO FOP "BUSTO
FEMENINO" DE
PICASSO, PINTOR
ESPAÑOL MOP
CUBESTA.



• E POR ÚLTIMO "PA XAREIRAS"
DE JORGE PETEIRO, PINTOR
GALEGO DEMO OPTO COLORIDO
E ALEGRIA.



ESTAMOS NO OUTONO
OS PAXAROS MARCHAN XA.
O DIA E MAIS CURTO
E O FRIO VAI CHEGAR.

Hugo

ETHAN

Yago

GONZALO

Ulises





A BOLBORETA
AMARELA QUERE
VOAR NA PRIMAVERA

AQUELA PRIMAVERA
CUN PAXARO FOI
CASAR.



ALDARA

PAULA

LIDIA

JOEL

ME VOY A PRIMARIA

El verano llegó y el cole terminó
vacaciones y sol,
tiempo de diversión.

A mis profes de Infantil canto esta canción
y así las llevo en mi corazón
y nunca las podré olvidar.

Salta y muévete balanceo al compás,
no te olvides de cantar y cantar.

MAMMIA NIA ME QUIERO QUEDAR
PERO ME VOY A PRIMARIA.

MAMMIA ME QUIERO QUEDAR



PERO ME VOY A PRIMARIA.

Tres años han pasado de esfuerzo y de trabajo
y al fin todo ha terminado.

• Tomá • Gabriel • Xulia • BRAS
• Cesar • Diego • Lucía • Mauro
• Hugo • André • Nicolás




QUE TEMPO FARÁ...?

No mes de Xaneiro
pon os pés no braseiro.



Febreiro,
sete capas
e un sombrero.


Cando marzo maieira
maio marceira.



En abril
augas mil.

Ata o corenta de maio
non quites o saio.

Por San Xoan (Xuño),
as orce con día dan.



O que non aproveite xullo
para se bañar,
é que ten medo
do río e do mar.

A auga de agosto
non fai bo magosto.



Setembro, ou levas as pontes,
ou secas as fontes.



Outubro quente,
inverno detente.

Novembro, ditoso mes,
empieza con Santos,
acaba con San Andrés.

Nadal (decembro) mollado,
xaneiro xado.

* Atención! Non son fiables 100% 😊

"A cigarra e as formigas granxeiras de Covelo"

Había unha vez nun país moi afastado chamado Covelo, unha cigarra preguiceira e moi fachendosa, e unhas formigas granxeiras moi traballadoras.

Un día as formigas pedíronlle axuda á cigarra para cruzar o río. Esta, demasiado ocupada coas súas cancións, díxolles que non.



As formigas, xuntas, fixeron unha ponte con follas e paus. Entre todas lograron cruzar o río e con moito esforzo regresaron ao formigueiro coas provisións para o inverno. En canto á cigarra, coa súa guitarra, cantáballe ao sol mil cancións.



Cando o tempo frío chegou, as formigas quentiñas na súa casa cantaban e bailaban ao carón do lume.

A cigarra estaba fora, soa, famenta e con frío, miraba con envexa a ledicia das formigas e os seus bandullos cheos. Quixo pedirles axuda... Timidamente petou a súa porta, pero elas, demasiado entretidas non escoitaron.

Entón a cigarra lembrou a súa mala conduta do pasado verán. Pasou o inverno soa famenta e conxelada, pero ao seguinte verán axudou as formigas e no inverno bailou e cantou con elas.

É colorín colorado este conto está rematado.



14 OLIMPIADA ESCOLAR

16 de Maio 2017

GINKA → CORDA → CULLER → RELEV. → VELOC.

Os ESTRELA

Os Galeçons

Os GORILAS

OS GALEGUINOS
GALÁCTICOS

OS CORRECAMIÑOS

Os coneixidos

Os INVISIBLES

OS TORNADOS

Os velociraptos

INVESTIGACIÓN SOBRE O INVENDOIRO

Un invernadoiro é un lugar cerrado, estático e accesible a pé, que se destina a horticoltura dotado habitualmente de unha cuberta exterior translúcida de vidro ou plástico, que permite o control da temperatura, a humidade e outros factores ambientais para favorecer o desenvolvemento das plantas.

Os primeiros invernadoiros de horticoltura merlangueses foron construídos arredor de 1850 para o cultivo das uvas.

O invernadoiro aproveita o efecto producido por a radiación solar que, ao atravesar o vidro ou un plástico translúcido, quenta o ambiente e os obxectos que hai dentro.

En España debido as condicións climáticas da costa mediterránea, desenvólvese a finais da década dos 70 unha proliferación do cultivo nos invernadoiros, sendo as principais provincias as de Almería, Murcia e Alicante.

HORTO ESCOLAR

A Nosa Voz 2017

2017

Este ano no colexio de Covelo o horto escolar 2017 está plantado por todos os nenos/as do colexio. As bancadas son:

Bancada 1	Bancada 2	Bancada 3	Bancada 4	Bancada 5
Tomates	Pementos	Leituga	Fresas	Herbillas, Fabas e Xudías
2º	Infantil 4 anos	1º	Infantil 3 anos	4º

Bancada 6	Bancada 7	Bancada 8	Bancada 9
Brócoli e Repolo	Allos, Porros e Cebolas	Verzas e Leitugas	Berenxenas e Nabizas
6º	3º	5º	Infantil 5 anos

4º PRIMARIA

Leyre

Raquel

Iran V

Darama

ENTREVISTA AO CONSERXE

Quantas plantas exactamente tes no invernadoiro?

500 **MARTÍN**

Caes son as verduras que máis plantaron os nenos?

Leitugas

Dáche moito traballo coidar o invernadoiro?

Algún, nezo vos tamén moito **JERAR**

Quantos anos lebas no invernadoiro?

Dende o 2004

Gústache traballar no invernadoiro?

Si, porque gústame estar coa natureza

De todas as nenas do cole caes plantaron mellor?

Os de 4º e os de Infantil **NOA**

Cal é a hortaliza que máis che gusta?

O tomate e o pemento.

Gústache plantar? **ALICE**

Si, porque é un contacto de estar coa natureza.

Gústache que os menos veñan a plantar plantas no invernadoiro?

Si, porque é un contacto de estar coa natureza.

En quantos días tarda en aparecer unha planta?

Depende, dende unha semana ata un mes

4º

COPLAS DOS MAIOS 2017

A Nosa Voz 2017

Educación Infantil

Chámome María
e vou en infantil
gústame este cole
desde o día en que o vin.

A miña profe é Belén
dime que non paro de falar
que teño a lingua longa
e un día vaima cortar.

Gústame o profe Benito
que mola mogollón
el co micrófono
animando é o mellor.

Escribir esta copla non sei como
facer
con catro anos aínda non sei ler
e do mundo da política
aínda non quero saber.

Fálanme dos maios
e cústame entender
realmente o significado
aínda non sei cal é.

Esta é unha festa
onde se pasa moi ben,
pero a min como son pequeno
tocárame o ano que vén.

No colexio de Covelo
non paran de festexar,
non recuperados das vacacións
e xa toca traballar.

Este ano os maios imos celebrar
e os nenos de infantil queremos
participar
e para facer algunha copla
aos pais poñemos a traballar.

Aínda que cansadiños están,
con nós han de vir troulear
con xestas, flores, cocas e follas
o noso maio imos montar.



Chámome Nicolás
e vou en cinco anos
e o que máis me gusta
é ir ás festas de cumprir anos.

Miña profe é Bianca
e sempre nos manda ler,
dinos que se non o facemos
da cabeza non imos crecer.

O balón vai comigo
e sempre o estou a chutar
miña nai xa está cansada
porque non paro de xogar.

Este mes de maio
ven moi revoltó,
a chuvia e o frío
vainos bastante torto.

No cole pasámolo moi ben
xogando cos compañeiros,
aprendendo a ler
e con boa letra escribiremos.

Este ano de infantil
temos que despedir
aínda que a nosa profe é moi xentil
a primaria temos que ir.



Este ano o tempo tolo está,
en marzo e abril sol a rabiarse
e agora no verán
ímonos mollar.

A profe Cris é moi especial
e sabe canto nos gusta xogar,
por iso para ensinarnos a restar
as escaleiras tivo que numerar.

O profe Benito é moi especial
e a grandes e pequenos quere
informatizar,
por iso cando nos dá clases
nos di preme aquí e preme alá.

O noso cole é xenial
sempre, sempre a xogar
cando penso nos deberes
non quero nin chegar.

Co profe Pablo
pasámolo xenial
nas manualidades
nada lle sae mal.



Nestas olimpíadas
faremos carreiras de auga,
pero os profes non nos deixan mollar
porque logo podemos enfermarse.
No colexio xogar, xogar e xogar;
no invernadoiro plantar, plantar e plantar;
no comedor zampar, zampar e zampar
e en música bailar, bailar e bailar.

Xa chegou o maio
fermoso e florido
xa chegou o maio
cheo de colorido.

Os nenos de primaria
o maio festexamos,
e por iso con forza
todos cantamos.

Maio amigo
que traes contigo?
Unha morea de flores
e unhas bolboretas de cores.



Once nos van
ondiñas van
déixanos Rubenciño
que nos vas marear.

Co galego afogo
castelán non leo
vou ver se este ano
aprobo o recreo.

Para nós os estudos
sonnos pesados
despois de tres clases
xa estamos cansados.

Os mestres de antes
éche o que había
arreando castañas
a todo o que vía.

Os mestres que nos temos
éche oi diferente
traballamos con ordenadores
xa estamos no presente.

Cristiano Ronaldo
é bo xogador
pero como é portugués
péitease do revés.

Messi é pequeno
tamén é arxentino
pero marcando goles
méteos ata facendo o pino.



Estamos todos felices
chega a viaxe de fin de curso
moi contentos como perdices
é mellor isto a que toque un concurso.

Este é o último ano de Primaria
en nada comezaremos a secundaria
novos amigos faremos,
pero aos antigos non esqueceremos.

Do colexio de Covelo
temos que marchar
e moito aos profes
imos estrañar.

A profe Laura é moi coqueta
e sempre nos mira a libreta,
tamén nos revisa as carpetas,
e nos exames ben que nos apreta.



O profe Paco

é moi malo
cando fago o tolo
e non me calo.

Rajoy e Ribera
veñen a reinventar
unha nova era
para nos rematar.

O profe Rubén
é moi divertido,
pero manda deberes
moi acotío.

As cociñeiras do colexio
merecen un pedestal
porque cando cocían
non o fan nada mal.



Ao noso director Xoán
as matemáticas non se lle dan nada mal
pero se no ordenador algo queres consultar
ao profe Benito lle tes que preguntar.

Coa profe Paula
aprendemos na aula
desde a cabeza ata os pés
ensínanos inglés.

Ao señor Rajoy os de podemos
quéreno facer dimitir
ou polas boas ou polas malas
vano conseguir.

Este ano en quinto
estou co profe Paco
e aínda que estudo
un dez non o saco.

O profe Paco

manda moitos exercicios
para que cando cheguemos á casa
fagamos moitos sacrificios.

A casa da profe Paula
ten unha piscina
toma o sol nela
para poñerse divina.

O cole de Covelo
fai unha gran xestión
fomentando o estudo
e tamén o cooperación.

O profe Roberto
ten a paciencia dun santo
por iso os alumnos
o queremos tanto.

Os políticos
son todos iguais
só se preocupan por eles
e nunca polos demais.

O mestre Rubén
é moi vacilón
cando chega o entroido
disfrázase un mogollón



A Nosa Voz 2017

No colexio de Covelo
as olimpíadas celebramos
mestres e nenos
todos xuntos xogamos.

Os nenos de cuarto
unha canción van tocar
coa axuda do mestre
moi bonita vai quedar.

Hai que estudar moito
se queres aprobar
e os profes deste ano
non nos deixan descansar.

OxMoxos

Os maiores

Gracias para o cole temos que facer,
aínda que nos revente a cachola,
non sei que máis poñer
porque ardo como unha tixola.

Este ano rematamos a escola
e temos que ir para unha nova
este cambio algo me amola,
pero ir a outro cole tamén mola!

Adeus, mestra Laura, témosche que dicir
porque estamos a medrar
do colexio temos que nos ir
para o instituto poder empezar.

Dos magostos nunca nos poderemos olvidar,
sempre recordaremos que o pasabamos
xenial

pero algo novo imos comezar
e nunca xamais o pasaremos igual.

Grazas a todos vos temos que dar,
mestres, conserxe e cociñeiros,
sempre de nós vos estades a preocupar,
e no noso corazón ides de primeiros.

Nas Olimpíadas gústanos participar,
o colexio imos rematar
e cando chegue o verán
xuntos ímolo celebrar.

Do noso colexio
temos moito que contar
pois xa vai velliño
e témolo que coidar.

Neste último ano
levamos moitos deberes,
posto que somos os maiores,
non vos sorprenderedes!


Da nosa mestra Laura
témonos que despedir
pois xa chega o novo curso
ao que temos que asistir.

Rajoy goberna en España
aquí todos poden entrar,
e nos Estados Unidos con Donal Trump
ninguén pode pasar.

Estamos en crise, haino que admitir,
a xente non ten cartos
hai cousas que non se poden permitir
terán que comprar os produtos baratos.

Os políticos só saben falar
sempre nos andan a defraudar,
toda a xente a lles votar
e logo están a roubar.

Os nosos políticos
non paran de mandar
e a nós non nos deixan
nin sequera respirar.



adeus, profesores
ímonos ao instituto
a facernos maiores.

Para o ano xa non estaremos,
que pena me está a dar
só con pensalo
botámonos a chorar.

As coplas que facemos
para o colexio quedarán
divertímonos tanto pensándoas
que non podemos parar.

En xuño marchamos a Madrid,
nos espera unha viaxe en avión
moito imos desfrutar
cantando todos xuntos unha
canción.

Só uns días quedan xa
para este curso rematar,
a profe di que hai que estudar
porque se non aquí imos quedar.

Falemos galego,
nenos, pais e avós,
se algúns non queren,
querémolo nós!

O cambio climático estamos a provocar
lixo, mala reciclaxe e contaminación
é o que o está a causar,
hai que buscarlle solución.

Este curso que xa acaba
pouco ou nada choveu.
Moito sol e moita calor
e o paraugas nin se moveu.

En abril, augas mil
este ano non se cumpre,
o refrán é mentira
e pronto virá o lume.

Todos estamos desexando
con ganas de que chegue o verán,
non sairemos da piscina
ata que nos leven da man.

COPLAS DOS MAIOS 2017

DEPORTE ESCOLAR

Os nenos de quinto e sexto de Primaria do colexio de Covelo, participamos nunhas xornadas de deporte escolar.

Fixemos moitas actividades, unha delas foi o bádminon. Estivemos no pavillón de Ponteareas xogando con nenos doutros colexios. Os nenos que había alí eran moi simpáticos e agradables.

Victor, que é o entrenador de bádminon do club de Ponteareas, foi o que nos ensinou a xogar mellor. Moitos dos nosos compañeiros clasificáronse para a final. A verdade é que o pasamos todos moi ben.

Outra das xornadas de deporte escolar que fixemos foi o cross. Nesta actividade tiñamos que correr en Guláns, e cansaba moito. Había carreiras masculinas e femininas e cada neno competía co seu curso correspondente. Ao rematar, estabamos todos moi cansos, é o normal, porque nos esforzamos moito.

Ao finalizar todas as carreiras déronnos chocolate e rosquillas. Despois dixeron os gañadores (gañaron medallas Marcos, Samuel, Judit, Adrián, Bruno e Rubén) e volvemos para o cole.



Tamén xogamos ao fútbol e ao baloncesto. Viñeron a visitarnos os nenos do CPR Inmaculada e xogamos ao fútbol no pavillón de Covelo e ao baloncesto no pavillón do noso colexio. Pasámolo moi ben todos e fixemos moitos amigos novos.

Cando fomos ao Ramiro Sabell xogamos ao balonmán e ao hockey. O pavillón era bonito e tiña debuxos pintados polas paredes. Cando chegamos alí xa nos estaban esperando cunha pancarta moi bonita na que poñía: "Benvido Covelo!!" Fomos aos vestiarios e despois comezamos a xogar. Ao balonmán gañámoslles pero ao hockey empatamos 1-1. O importante é participar!

Á xornada de atletismo que se ía celebrar en Pardellas non puidemos ir porque estaba chovendo. O ano pasado non fomos tampouco polo mesmo motivo. Todos tiñamos moitas ganas de ir!

Esperamos que para o ano que vén non se suspenda e os nenos de 5º e 6º poidan disfrutar deses xogos.

E oxalá os nosos compañeiros disfruten do deporte escolar tanto como o fixemos nós. Botarémolo moito de menos porque foi unha experiencia xenial!



6º PRIMARIA

MORRE O CAMPIÓN DE MOTO GP NICKY HAYDEN

O piloto de motociclismo estadounidense Nicky Hayden faleceu este luns no hospital da cidade italiana de Cesena, onde se atopaba ingresado dende o 17 de maio tras ser atropelado por un coche, informou o centro médico nun comunicado.

As condicións do campión do mundo de MotoGP e piloto de Superbike co equipo Red Bull foron críticas dende que foi atropelado mentres circulaba coa súa bicicleta xunto a un grupo de amigos na provincia adriática de Rimini.

O seu accidente conmocionou ao mundo deportivo e do motociclismo e pilotos como os españois Marc Márquez, Jorge Lorenzo e Dani Pedrosa expresaron o seu pesar polo sucedido.

(Idoya 40)



BERIZZO DEIXA O CELTA



Eduardo Berizzo anunciou que non continuaría ao fronte do Celta de Vigo tras non acadar un acordo coa directiva.

Eduardo Berizzo dixo:

-"Fixen moita forza para quedarme, pero mañá será o noso último partido"

(Lucía 4º)


ESCOLA DE PATINAXE DE COVELO: "CANTEIRA DE CAMPIONS"

Como o Club leva organizados innumerables eventos, dedicando os campionatos de España de Patinaxe Artística das categorías Infantil, Cadete e Alevín nos anos 2.005, 2.008, 2.010 e 2.014. Na actualidade conta con 12 patinadores/as de idades comprendidas entre cinco e dezaseis anos, sendo 9 de 1ª Categoría Nacional; na súa curta historia conta con patinadores internacionais convocados pola Federación Española de Patinaxe para na Copa de Europa e Copa de Italia e outros patinadores que participan todos os anos nos campionatos nacionais.

A parella de artísticos formada por Alba Lishi e Albino, quedaron segundos no Campionato de España en Sant Vicenç de Montalt (Barcelona) o sábado 20 de maio do 2.017.

(Xabi Gómez Lorenzo 6º)

Xabi



REAL MADRID CAMPIÓN DA LIGA



Os brancos vencen en Málaga con goles de Cristiano e Benzema e suman o seu título ligueiro 33 empurados pola fórmula de rotacións de Zidane.

Gabriela 2º



Daniel 1º

O F.C. BARCELONA GAÑA A COPA DO REI



BARÇA, 3-ALAVES, 1: Messi brinda a última Copa a Luis Enrique. Una Polga sideral finiquita al Alavés y lidera al Barça a un nuevo título en el adiós del técnico.



(Isabella 3º)



Nerea, Marta e Miguel 1º

novas Viernes, 26 de maio de 2.017


covecovevelo

xornal

HOXE O COLEXIO COVELO XOGA
CONTRA A INMACULADA A O FÚTBOL



Xoel Pimentel Álvarez
C.E.I.P Antonio Blanco
Rodríguez



Concello de Covelo



FERROKEY

SUPERMERCADO

tandu



5º PRIMARIA

Excursións/Saídas

Audición Musical 29/09/2016



DEPORTE ESCOLAR - CAMPO A TRAVÉS
GULANS - 25/11/2016



KORNADA XOGABE
COLEXIO COVELLO - COLEXIO A INMACULADA

24-01-2017



INFANTIL, 1º E 2º
VISITA AO MUSEO
DE PONTEVEDRA
14/02/2017



Visita ao Parlamento de Galicia



Celebración día da árbore



Museo do Mar de Vigo



Marcelle - Lugo

Australia



Australia is the biggest island in the world. It's also a continent. Australia is 15,753 kilometers away from Spain.



In Australia you can practice your English. Its capital city is Sydney



SYDNEY



Australia isn't very populated: there are 24,618,240 people living in Australia

(In Spain we are 46,069,450 people)




AUSTRALIAN ABORIGIN

The desert covers more than two thirds of the country and there are over 10,000 beaches.





Australia has the longest coral reef in the world.



There are plants and animals that you can only find in Australia.



Koalas



Kangaroos



Platypuses




Wombats



Emus



Tasmanian devils ...



WE WANT TO TRAVEL TO AUSTRALIA!



DESPEDIDA DE 6º

Botarei de menos os festivais de fin de curso.
 Aproveitarei o último ano no colexio. Sempre o recordaredes.
 Sempre o parel moi ben no recreo cos meus amigos.
 Nunca olvidarei os momentos na biblioteca coa profe Laura.
 Este ano foi xenial e nunca o esqueceréi.
 Nunca esqueceréi todo o que me ensinastes.
 Desfrutamos moito neste colexio.
 Sempre recordarei o Entroido do colexio.
 Quérovos moito, todos os mellores profesores.
 Grazas a todos, sempre ides ocupar un oco no meu corazón.
 Grazas pdo que fixestes por nós.
 Extrañaremos o Magosto do noso colexio.
 Nunca esqueceremos os amigos que fixemos no cole.
 Todo foi perfecto, nunca o esqueceremos.
 Adeus, profes. Botarémosenos de menos!
 I mos botar moito de menos o noso colexio!

ATA
SEMPRE!!

Carlos G.V.
 Sandra
 E. Dami
 Amica
 Xosé
 Cristian
 Antic.M.
 Sara
 Pablo
 Edgex
 Alejandra
 Xosé